

Campus polideportivos das Travesas

13-17 e 20-24 de xullo

Protocolo xeral de seguridade

Medidas para os e as participantes:

Nos dous campamentos polideportivos de verán organizados pola Fundación Vigo en Deporte (en adiante, a Organización), observarase a seguinte conduta.

Entrada. Para evitar problemas de aglomeracións de pais e nais cos rapaces a Organización comunicará ás nais e pais dos participantes que o acceso ao complexo o primeiro día dos campus (luns 13) farase pola rúa Cesáreo González.

Os monitores dirixirán aos nenos e nenas á Pista Vermella (o Central estará ocupado en tarefas de limpeza tralas eleccións autonómicas), onde se garante tamén a distancia social. Alí serán distribuídos en grupos.

Os restantes días, xa coñecidos os grupos, o acceso ao complexo das Travesas estará marcado polas portas acristaladas da entrada principal na Avenida de Castrelos.

Saída. De xeito ordenado e por grupos. Dende as portas acristaladas da entrada principal da Avenida de Castrelos. Acompañados polo monitor, que avisará a pais e nais para evitar aglomeracións.

Medidas diarias. Acceso obrigatorio ao recinto con máscara hixiénica (gardarase cada unha nun sobre ata o remate da xornada). Desinfección de mans (mediante hidroxel) e toma de temperatura á entrada (máximo permitido para o acceso: 37,4 grados). A Organización pedirá unha declaración responsable dos proxenitores sobre a saúde do neno ou nena nos 14 días previos ao campamento.

Dous monitores por grupo. Os grupos estarán formados por un máximo de dez persoas.

Nova desinfección de mans despois de cada cambio de actividade.

Cada participante terá material deportivo propio na súa actividade. Desinfectarase despois de cada cambio de quenda o material utilizado por cada deporte.

Circulación. O cambio de pavillón farase por unha porta diferente á de saída do grupo anterior ou entrada do seguinte ou, no caso do Pavillón do Carme -cunha soa porta de acceso no interior do complexo-, a diferente hora. Os monitores deberán seguir as sinais de circulación marcadas no complexo. O acceso a cada instalación, sempre mantendo a distancia de seguridade.

Uso do baño. Os nenos e nenas acudirán ao baño de un e un e acompañados ata a entrada dos servizos por un monitor. Despois do uso do baño lavarase as mans con auga e xabón.